[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **29 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Cristina Campero Dorado
(en substitución de Ángel Rodríguez Conde)
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ariadna Fernández González
(en substitución de Carmela González Iglesias)
José Manuel Golpe Acuña
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Director da Axencia Turismo de Galicia

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

Asinado o día 11/06/2025 ás 11:14
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 11/06/2025 ás 10:18
Por Ramón Fernández Alfonzo

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes sustituciones.

Logo da constatación deste, e antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, a Presidencia informa que onte foron presentadas dúas emendas ás proposicións non de lei incluídas nesta sesión e que, debido ás consecuencia do apagón ocorrido no día de onte, non puideron ser rexistradas como é habitual, polo que se tramitarán como emendas "in voce".

O secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Pregunta

1.1 12361 (12/POC-003812)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Pérez López, José Daniel
Sobre o estado do cámping de titularidade autonómica localizado en Medelo, no concello de Silleda, e o criterio da Xunta de Galicia ante unha posible restauración das instalacións para novos usos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 98, do 10.10.2024
Publicación recualificación, BOPG n.º 186, do 10.04.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director da Axencia Turismo de Galicia (Presidencia da Xunta de Galicia), José Manuel Merelles Remy.**

Na rolda de réplica a **señora Fernández González, Ariadna (BNG)**, manifesta diversas consideracións sobre a información aportada polo señor Merelles Remy e reitérase nalgunhas das cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **director da Axencia Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración do director da Axencia Turismo de Galicia cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia informa novamente que as dúas emendas presentadas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego ás proposición non de lei a debater no día de hoxe, tramitaranse como emendas "in voce", ante a imposibilidade de ser rexistradas debido ao apagón sufrido onte.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 13299 (12/PNC-001265)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre a concesión de auga para a zona de transición xusta das Pontes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

O **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** expón as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, e dado que o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** para expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo propoñente.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Deza Martínez, María, -***despois de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión en cumprimento do establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento-* quen, tras rebater moitas das argumentacións expostas polo propoñente, explica a postura do seu grupo parlamentario a respecto desta proposta e destaca as accións que por parte da Xunta de Galicia se están a levar a cabo.

O **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e matizar algunhas afirmacións realizadas pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Deseguido a Presidencia comunica que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou o aprazamento da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 18808 (2.2). Aprazamento que se acepta por asentimento.

2.2 18808 (12/PNC-001719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 2 máis
Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego verbo do proxecto da liña de alta tensión Bustelo-Meirama

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f1, do 06.02.2025

Xa que logo, procédese ao trámite da proposición non de lei 2.3

2.3 20516 (12/PNC-001913)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación coas conexións do polígono de Bértoa, en Carballo, a través do transporte público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

A Presidencia, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego que, como xa manifestou anteriormente, será tramitada como emenda "in voce".

Deseguido concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A continuación o **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** explica as razóns que motivaron a presentación desta emenda que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén polo **G.P. Popular de Galicia o señor Lorenzo Gómez, Rubén,** quen, tras expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, defende a postura do seu grupo sobre o tema a debater.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** logo de incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención do voceiro do G.P. Popular de Galicia e posibilita unha transacción co texto da emenda presentada polo G.P. Bloque Nacionalista Galego.

2.4 22868 (12/PNC-002153)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de planificación das redes de subministración de enerxía eléctrica para o impulso dos proxectos industriais estratéxicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 185f1, do 09.04.2025

A Presidencia, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego que, como xa manifestou anteriormente, será tramitada como emenda "in voce".

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios, na que o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra, polo que intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** que pasa a expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo propoñente.

A continuación o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG)**, tras expoñer diversas consideracións a respecto das manifestacións expresadas polo voceiro do grupo propoñente, motiva a emenda "in voce" presentada polo seu grupo, para a que solicita o seu apoio.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P)**, comenta as argumentacións dos anteriores intervenientes e refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

A Presidencia suspende brevemente a sesión para facilitar que os grupos poidan acadar unha transacción no que respecta á proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 20516 (3).

Reiniciada a sesión, a presidenta procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 13299 (12/PNC-001265), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 5 (GP.: BNG)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.: P)
Abstencións: ..... 3 (GGPP.: S+M)

2.3 20516 (12/PNC-001913), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** A Presidencia dá lectura ao acordo de transacción acadado coa emenda "in voce" do G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se elabore una proposta para que o polígono industrial de Bértoa en Carballo se inclúa no Plan de transporte metropolitano da Xunta de Galicia, en calquera caro, solicitar da Administración competente que se estude realizar un estudio para testar o uso e demanda das novas paradas ou roteiros nas liñas existentes que parten da Coruña."

Sometido a votación o devandito texto resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 8 (GGPP.: BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (GGPP.: P)
Abstencións: 0

2.4 22868 (12/PNC-002153), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 10 (GGPP.: P+M)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 7 (GGPP.: BNG+S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1. Realice, de maneira urxente e inmediata, as actuacións necesarias para asegurar a subministración eléctrica a todos os proxectos industriais estratéxicos previstos en Galicia, e garantir a evacuación de enerxía derivada do aumento da xeración renovable no sistema eléctrico.

2. Colabore estreitamente coas comunidades autónomas e dea resposta ás súas necesidades no deseño da nova planificación eléctrica con horizonte 2030, co obxectivo de garantir o desenvolvemento enerxético e industrial de Galicia.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece o traballo e colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:45 horas.

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión